



PREGUNTA ORAL SOBRE AS XESTIÓNS REALIZADAS PARA A DECLARACIÓN DA SEMANA SANTA COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai máis de un ano –concretamente 7 de decembro de 2015- o Pleno da Corporación adoptaba un acordo, a raíz dunha iniciativa do Partido Popular, para lograr a declaración da Semana Santa de Santiago de Compostela como Festa de Interese Turístico de Galicia, para que, ademais dun recoñecemento oficial, permitiría que o Concello optara ás subvencións e axudas que para este tipo de celebración convoca anualmente o Goberno galego.

O acordo sinalaba textualmente que o correspondente órgano do Goberno municipal “se dixira á Xunta de Galicia presentando a solicitude e a documentación pertinente para que a Semana Santa de Santiago de Compostela sexa considerada Festa de Interese Turístico de Galicia, en atención á súa antigüidade, singularidade, arraigamento, valor cultural e continuidade no tempo”.

Rematado o pasado día 20 de febreiro o prazo para optar a estas subvencións autonómicas e ante a proximidade da celebración da Semana Santa, o Grupo Municipal Popular formula a seguinte pregunta para a súa resposta no Pleno:

Presentou o Goberno municipal a documentación pertinente ante a Xunta de Galicia para a declaración da Semana Santa de Santiago como Festa de Interese Turístico de Galicia, así como a posterior solicitude para optar á concesión dunha subvención autonómica para este tipo de festas, conforme ás bases reguladoras publicadas no DOG nº 13 do 19 de xaneiro de 2017 ?.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2017.

María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Popular